



BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2024

1.- Obxecto

O Concello de Pontecesures pon en marcha o **Campamento de Conciliación de Verán 2024** para promover a igualdade, a corresponsabilidade e a socialización entre participantes así como ofrecer ás familias a posibilidade de compaxinar a vida familiar e laboral.

O fomento da igualdade de xénero é unha prioridade no campamento, xunto coa eliminación das desigualdades e a integración dos colectivos en risco de exclusión social. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

2.- Destinatarios

O campamento de conciliación está destinado a aquelas nenas e nenos de idades comprendidas entre os **3 e os 12 anos** (ambas incluídas).

A adxudicación das prazas realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- 1º.- Empadroadas/os no Concello de Pontecesures a 1 de xuño de 2024.
- 2º.- Situación de activo laboral dos proxenitores ou titores legais, con preferencia para aquelas persoas que acrediten ter un posto de traballo en Pontecesures.
- 3º.- Outras situacións: familias numerosas, monoparentais ou ao coidado de dependentes.
- 4º.- Situación económica: a unidade familiar non poderá superar en 6,5 veces o IPREM 2022 (incrementarase esta referencia nun 15% no caso de familias monoparentais ou numerosas).

Reservarase un 8% das prazas para nenos/as de familias derivadas polo departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

De quedaren prazas vadeiras, valorarase a posibilidade de permitir a participación de solicitantes de outros Concellos en función da capacidade do Concello de Pontecesures, a organización e funcionamento do campamento e atendendo aos anteditos criterios.





3.- Descrición do Campamento

3.1.- Datas

A duración total do servizo abrangue o período comprendido entre o **1 de xullo e o 30 de agosto de 2024** distribuído en catro **QUENDAS** do seguinte xeito:

- Primeira quenda: Do 1 ao 15 de xullo.
- Segunda quenda: Do 16 ao 31 de xullo.
- Terceira quenda: Do 1 ao 14 de agosto.
- Cuarta quenda: Do 16 ao 30 de agosto.

3.2.- Horario

O horario que se ofrece é o seguinte:

De luns a venres de 09:00 a 14:00 horas (agás os festivos 8 e 25 de xullo e 15 de agosto)

Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 horas e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Pontecesures en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade.

3.3.- Lugar

O campamento levarase a cabo nas instalacións anexas ao Pavillón Polideportivo Municipal.

3.4.- Prazas

Ofértanse un total de 60 prazas para cada quenda, marcándose un mínimo de 15 participantes para cada unha.

4.- Solicitude de inscrición

4.1.- Prazos e lugar de presentación.

Unha vez cumprimentada e asinada a solicitude de inscrición, dispoñible nas oficinas do Rexistro do Concello e na seguinte ligazón <http://www.pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1903> achegarase, xunto coa documentación complementaria, ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tño. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00 horas. Tamén se pode presentar por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontecesures <https://pontecesures.sedelectronica.gal/> nos prazos que se sinalan a continuación:

1. Todas as quendas: desde a publicación das presentes bases ata o 21 de xuño.





2. Solicitudes para o mes de agosto: dende o 9 ao 19 de xullo (ambos incluídos).

4.2.- Documentación complementaria.

A documentación complementaria a presentar coa solicitude é a seguinte:

- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor.
- Copia cotexada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) con prazo de presentación vencido no momento da solicitude de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, o/a interesado/a deberá presentar certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.
- Documento xustificativo da situación laboral de ambos proxenitores ou titores legais (algún dos seguintes): vida laboral actual, recibo de autónomos actual, nómina actual ou certificado de empresa.
- De ser o caso, certificado de empresa que acredite que o proxenitor/a ou titor/a legal traballa en Pontecesures. No caso de persoal autónomo, declaración xurada.
- Documentación xustificativa de outras situacións familiares (familia numerosa, monoparental, coidador/a dependentes).

5.- Outras consideracións

1.- A mera inscrición na actividade significa a aceptación íntegra do disposto nas presentes bases.

2.- A situación de falta inustificada á actividade por tres xornadas consecutivas, dará lugar á perda da praza asignada para a quenda na que estas se produzan; procedéndose, de ser o caso, á adxudicación da praza á seguinte persoa en lista de agarda.

3.- As situacións manifestadas na solicitude de inscrición (contratos, certificados de empresa, situacións de familias monoparentais ou numerosas, ingresos, etc.) deberán acreditarse documentalmente nos prazos indicados no apartado 4.1 das presentes bases; de non ser así, ditas situacións non serán tidas en conta na valoración da solicitude.

4.- De acordo co disposto no **Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos** e na **Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais**, informámoslle que os datos facilitados incorporaranse ás Actividades de Tratamento titularidade do **CONCELLO DE PONTECESURES**, con CIF número **P3604400F**, e domicilio social en Avda. Vigo 2,





Concello de Pontecesures
Avda. de Vigo, 2 - 36640
Pontecesures (Pontevedra)
Telf. 986.557.125
www.pontecesures.org
concello@pontecesures.org

36640, Pontecesures (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento será a xestión dos campamentos de verán.

En calquera momento pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, e revogar este consentimento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, dirixíndose as nosas dependencias na dirección arriba indicada, ou nas direccións electrónicas alcaldia@pontecesures.org /// secretaria@pontecesures.org.

